



## XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA  
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

### 1. CLAVE DE IDENTIFICACIÓN: GA32048029

### 2. LOCALIZACIÓN

. Nome do xacemento: *Castelo Grande*.

. Provincia: Ourense.

. Concello: A Mezquita.

. Parroquia: San Simón.

. Lugar: Santigoso.

. Nº de Folla (1:50.000): 266                      Nº de Cuadrícula (1:10.000): 43

. Proxección **UTM (ETRS89)**:            X: 664.601                      Y: 4.652.586

. Coord. **Xeográficas:Lonx.:** 7° 00' 44"O,                      **Lat.:** 42° 00' 29"N

. Altitude: 1303 m.s.n.m.

. Descrición de accesos:

Estrada nacional N-525 Ourense – Zamora, unha vez pasado o desvío á aldea de A Canda e antes de atravesar a A-52 e meterse no túnel da nacional nova, desviarse á esquerda pola estrada vella ata a portela que divide as provincias onde nos desviamos á dereita pola pista que leva a Castromil. Por esta pista tomar a primeira pista forestal á dereita que nos leva ao Castelo.

### 3. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO

. Emprazamento topográfico:

Pico rochoso

. Utilización do entorno:

Monte de repoboación forestal e de aproveitamento extensivo.



**XUNTA DE GALICIA**

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

#### **4. ESTADO ACTUAL**

. Vexetación: Mato.

. Destruccións e alteracións:

. Tipo de propiedade: Privada.

#### **5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN**

#### **6. MATERIAIS**

. Descrición: Cerámica medieval

. Procedencia: Prospección

. Lugar actual do depósito:

- Museo ou colección pública:
- Museo ou colección privada:
- Particular. Nome(s) e dirección(s):



**XUNTA DE GALICIA**

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

## CROQUES E DESCRIPCIÓN

Trátase dun pico rochoso coñecido como O Castelo Grande onde segundo as lendas referidas polos veciños houbo unha ocupación dos mouros que construíron o “Castelo Pequeño” (GA32048011).

Non localizamos ningún alicerce de estrutura en superficie despois de aplicar o sistema LIDAR, fotogrametría aérea e prospección intensiva pero localizamos abundante material cerámico en diferentes puntos do xacemento, cuxa adscripción cultural é medieval.



**Imaxe 1 Diferentes puntos onde se localizou a cerámica**

A través a información oral, tamén puidemos recoller varios topónimos. Unha zona situada ao Sur do Castelo Grande e ao Norte do Castelo Pequeno de Santigoso (GA32048011) -moi preto das pedras fincadas- chámase Entrecastelos. A uns 50 metros cara o Leste, recolleemos os topónimos A Poza do Castelo e as Cortiñas do Castelo.

Por outro lado, incorporamos un petróglifo con coviñas e un podomorfo (GA32048030)


Francisco Javier Chao recolle na ficha con código REF 32048003 en xullo de 2010 o seguinte:

*“Na base do pico máis pronunciado do outeiro aparecen unha importante cantidade de pedra espallada formando unha liña que o perimetra no sector leste e que podería ser orixinada pola destrución dalgunha posible defensa ou ben por mor de canteiras. Coidamos que é máis probable a primeira interpretación posto que de ser orixinada polo cascallo de canteiras terían que ser moitas e moi evidentes cousa que non sucede. Non somos quen de confirmar se se trata dun xacemento ou non pero coidamos que si presenta un alto interese arqueolóxico”.*

No ano 2006, os arqueólogos Israel Barandela Riveiro e José Manuel Lorenzo Rodríguez elaboran outra ficha onde describen o ben pero non lle asignan un GA

*“Trátase de unha rocha granítica (3x4,5x2,30) utilizada na actualidade como parte do muro de peche Noreste dunha finca. Na parte máis conspicua da rocha podemos observar 5 ou 6 coviñas anarquicamente distribuídas”.*

Ademais incorporan o seguinte croquis:



Nun principio, barallouse a posibilidade de que o arqueólogo Javier Chao describise unha referencia que podería corresponderse co descrito polos arqueólogos Israel Barandela e J. M. Lorenzo en 2006 pero despois da prospección intensiva realizada en 2017 podemos confirmar que describen outro Ben (posible petróglifo) que non se atopa no Castelo Grande –véxanse as coordenadas aportadas- e tampouco existe ningún muro de peche dunha finca. O devandito Ben, non se corresponde coas dimensións do petróglifo de Castelo Grande GA32048030 nin coa inscultura.

Redactor: Israel Picón Platas.

Lugar e data: Pontevedra, 13 de novembro de 2017.